

María Canosa, Premio Rosalía de Castro da Deputación da Coruña

LA VOZ

CARBALLO / LA VOZ



BASILIO BELLO

Foi merecedora deste galardón na categoría de persoas. O xurado valorou a súa longa traxectoria de compromiso coa lingua

31 may 2022 . Actualizado a las 19:56 h.

A escritora ceense **María Canosa** volve estar de noraboa. Ela, na categoría de persoas, foi a merecedora dun dos **Premios Rosalía de Castro de Lingua** que convoca a **Deputación da Coruña**, e que xa van pola súa 13.^a

edición. O certame quere recoñecer cada ano o labor na promoción e dignificación social do patrimonio lingüístico de Galicia.

Á hora de outorgarlle este premio a Canosa, o **xurado** valorou «o seu compromiso firme coa lingua e longa traxectoria, que se reflicte nos premios recibidos e no recoñecemento e impacto social en múltiples ámbitos». Nestes Rosalía de Castro, a **AELG** fíxose co premio na categoría de entidades e o proxecto **Brazolinda**, na de iniciativas de dinamización para menores de idade.

Non está sendo un mal ano para María: galardón Anisia Miranda de Teatro, premio Follas Novas na categoría de divulgación por H2...OH!!! Pingas científicas, a recente publicación de María Casares. A impaciencia por vivir... Representou á literatura galega na Feira do Libro de Bos Aires... Un 2022 de recolleita logo do traballo.